

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

ANUNCIO do 27 de maio de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se notifican os actos administrativos ditados nos procedementos BS650A e BS650G (expediente 150008722 e tres máis).

En virtude do disposto nos artigos 42, 44 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, intentada a notificación dos actos administrativos no último domicilio coñecido das persoas solicitantes sen que esta se puidese practicar por causas non imputables á Administración, a través deste anuncio notificáanse os requirimentos de emenda das solicitudes ditados nos procedementos competencia desta xefatura territorial ás persoas citadas nos anexos, emprazándoas para que no prazo de dez (10) días, contados desde o día seguinte ao da data da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, comparezan persoalmente ou debidamente representadas na Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Política Social e Xuventude, no Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración (rúa Gregorio Hernández, nº 2-4, A Coruña), das 9.00 ás 14.00 horas, para teren coñecemento íntegro do acto. Transcorrido o prazo, de non facelo, terase por practicada a notificación ao vencemento do dito prazo indicado para comparecer.

Así mesmo, este anuncio publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, ben que a notificación quedará supeditada á súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Advírtese que, de non efectuar a emenda no prazo de 10 días establecido nos requirimentos contado desde o día seguinte ao da súa notificación por comparecencia, de conformidade co disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, teráselles por desistidos das súas solicitudes, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Coruña, 27 de maio de 2022

María Blanco Aller
Xefa territorial da Coruña



ANEXO I
Procedemento BS650A

Nº de expediente	Persoa interesada DNI/NIE	Acto administrativo	Data do acto administrativo
150008722	32824385G	Requirimento de emenda da solicitude	5.5.2022

ANEXO II
Procedemento BS650G

Nº de expediente	Persoa interesada DNI/NIE	Acto administrativo	Data do acto administrativo
150025322	32343571M	Requirimento de emenda da solicitude	26.4.2022
150027922	32586020B	Requirimento de emenda da solicitude	8.4.2022
150030222	34902877D	Requirimento de emenda da solicitude	26.4.2022

